

<http://www.galiciahoxe.com/politica-galicia/gh/upg-homenaxe-a-figura-moncho-reboiras-ferrol/idEdicion-2010-08-13/idNoticia-579079/>

# GaliciaHoxe.com

[\[Noticia 1 de 1\] Política Galicia](#) |  [RSS](#)

[35 CABODANO](#)

## A UPG homenaxe a figura de Moncho Reboiras en Ferrol

13.08.2010 O acto súmase ó recibido o sábado en Dodro, no que políticos e intelectuais o reivindicaron máis alá das siglas

[REDACCIÓN](#)



Cartel da UPG para conmemorar o 35 cabodano de Moncho Reboiras, militante nacionalista

FOTO: AXENCIAS

O 12 de agosto de 1975, un mozo de apenas 35 anos caía na rúa Terra de Ferrol abatido a tiros pola policía nunha redada contra unha formación política por entón clandestina, a Unión do Pobo Galego (UPG). Trinta e cinco anos despois, os compañeiros daquel rapaz -integrantes hoxe da forza hexemónica dentro do BNG- volveron ó lugar do crime para homenaxealo. Ferrol acolleu onte o tradicional acto en memoria de Moncho Reboiras que, dende o ano pasado, é considerado oficialmente vítima da ditadura por parte do Goberno central dentro da Lei de Memoria Histórica.

O tradicional acto comezou ás 19h na Praza de Armas de Ferrol, dende onde a comitiva nacionalista se trasladou ata a rúa da Terra, ao mesmo portal onde Reboiras foi disparado ata a morte, onde tivo lugar a ofrenda floral. Posteriormente, interviron o portavoz municipal do BNG na cidade, Xoán Xosé Pita, e o secretario xeral da UPG e

membro da Executiva do Bloque Francisco Rodríguez. Ó tributo á figura de Reboiras sumáronse, como vén sendo habitual os independentistas de Nós-UP. O 35 cabodano de Moncho Reboiras quedará gravado con letras maiúsculas na historia de Galicia, por ser a primeira vez na que a figura desta vítima da ditadura foi reivindicada máis alá das siglas. Así, á homenaxe de onte en Ferrol, súmase á vivida este sábado na vila natal do falecido, en Dodro, na que participaron familiares, diversas forzas políticas e intelectuais do país. Esta homenaxe serviu, ademais, para presentar o Manifesto 35 aniversario, unha iniciativa que trata de recuperar a figura de Reboiras pero afastada de partidismos políticos. Este manifesto destaca a "loita permanente por unha Galiza ceibe e popular" de Reboiras e sinala que a súa "acción política revolucionaria, xa fose intelectual, cultural, sindical, organizativo, axitativo ou armada levouno a abandonar a tranquila vida profesional que daquela lle proporcionaría a súa carreira de enxeñeiro técnico industrial pola sacrificada e perigosa vida na clandestinidade". Por iso, un grupo de personalidades decidiu recuperar a figura histórica máis alá das siglas políticas. A pesar de que esta homenaxe causou certos receos entre a UPG, finalmente esta formación adheriuse ó manifesto, que xa conta con máis de 1.000 apoios. Durante a homenaxe no cemiterio de Imo, en Dodro, descubriuse unha placa na tumba de Reboiras realizada polo escultor Acisclo Manzano, onde se realizou unha ofrenda floral. O acto contou coa presenza do presidente da RAG e militante da UPG nos 60, Xosé Luís Méndez Ferrín, que recitou *Reclamo a liberdade para o meu pobo*.